

XEOGRAFÍA HUMANA E ECONÓMICA DO LESTE OURENSAN¹

Josefina Pato Lorenzo

*Departamento de Historia, Arte e Xeografía
Universidade de Vigo*

Alberto Vaquero

*Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Vigo*

Resumen:

Este artigo describe a situación das tres comarcas do leste ourensán: Valdeorras, Terra de Trives e Viana do Bolo, dende a perspectiva da xeografía humana e económica, para coñocer a realidade e os rasgos máis salientables da zona.

Abstract:

This article describes the situation of three regions of the east of Ourense: Valdeorras, Terra de Trives and Viana do Bolo, from the perspective of the human and economic geography, to know the reality and the features more important of the zone.

Palabras clave:

xeografía humana, xeografía económica, leste ourensán.

Keywords:

human geography, economic geography, east of Ourense.

¹ Este artigo realizouse dentro do Proxecto de investigación *Patrimonio etnográfico e desenvolvemento turístico no oriente ourensán*, dirixido polo Dr. José Antonio Fidalgo e financiado po-lo Vicerrectorado de Planificación e Desvolvemento do campus de Ourense.

I.- INTRODUCCIÓN

Moitos son os cambios que experimentou a provincia de Ourense nos derradeiros anos, en especial o que respecta a demografía e a economía rexional, que posibilitou un desenvolvemento do sector secundario e, especialmente, terciario nas principais vilas desta rexión.

Nembargantes, unha parte importante das comarcas ourensanas, en especial, aquelas pertencentes o leste da provincia, vense con moitas dificultades para mellorar a súa posición estratéxica. Este é o caso das comarcas de Valdeorras, Terra de Trives e Viana do Bolo.

O traballo que a continuación se presenta ten a seguinte estrutura. Tra-la introducción, no segundo apartado procédese a salientar os rasgos xeográficos máis importantes da poboación da zona de estudo. No terceiro epígrafe, identifícanse os rasgos básicos da estrutura productiva das comunidades locais, observando e estudando os seus diferentes recursos económicos sectoriales. No cuarto apartado sinálanse as potenciais liñas de traballo para mellorar a actual situación na que se atopan as comarcas. Finaliza a investigación con un conxunto de conclusións, que a modo de resumen, permiten suliñar os principais resultados do traballo.

II. A XEOGRAFÍA HUMANA DAS COMARCAS DO ORIENTE OURESÁN: VALDEORRAS, TERRAS DE TRIVES E VIANA DO BOLO.

II.1. Situación xeográfica das comarcas

A zona está composta por tres comarcas (táboa 1): Valdeorras, Terras de Trives e Viana do Bolo, que se atopan no Sur-Leste da provincia ourensana nunha lonxitude xeográfica oeste entre os 6° 45' e os 7° 19', e unha latitude norte que vai desde os 42° 31' ata os 41° 56'.

A comarca de Valdeorras con unha superficie total de 971,6 qm², está composta por nove concellos: O Barco de Valdeorras (capital da comarca), Larouco, Rubiá, O Bolo, Petín, A Veiga, Carballeda de Valdeorras, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras. Na comarca de Terra de Trives, cunha superficie de 432,5 qm², se atopan os concellos de: Chandrexa de Queixa, A Pobra de Trives (capital da comarca), Manzaneda e San Xoán de Río. A comarca de Viana, con unha superficie de 730,8 qm² comprende os concellos de Viana do Bolo (capital da comarca), A Gudiña, Vilariño de Conso e A Mezquita.

O intricado da paisaxe con topografía montañosa converten as comarcas nunha zona de complicado acceso. Ademais, o seu clima, caracterizado por invernos con baixas temperaturas e, algunhas veces con neve, e os veráns demasiado cálidos, condiciona a sociedade que vive nestas comarcas sobre todo a rural, que ve difícil o seu benestar no campo e, pouco a pouco, van deixando baleiro.

Comarca de Valdeorras	Extensión (en qm²)
- A Rúa	30,1
- A Veiga	290,2
- Carballada	217,9
- Larouco	25,3
- O Barco (capital)	80,2
- O Bolo	95,4
- Petín	31,9
- Rubiá	109,6
- Vilamartín	91,0
- Total	971,6
Comarca de Pobra de Trives	
- A Pobra de Trives (capital)	83,5
- Chandrexa de Queixa	172,7
- Manzaneda	114,6
- San Xoán de Río	61,7
- Total	432,5
Comarca de Viana	
- A Gudiña	170,7
- A Mezquita	102,9
- Viana do Bolo (capital)	256,3
- Vilariño de Conso	200,9
- Total	730,8

Taboa 1: Extensión das comarcas por concellos

Fonte: Instituto Galego de Estatística (2004)

II.2 Rasgos demográficos

A meirande parte dos concellos desta ampla zona oriental ourensana constan de parroquias cun escaso número de asentamentos. Somente atopáanse cinco concellos que superan a media de dous asentamentos por parroquia integrante: O Bolo (38 asentamentos en 18 parroquias), O Barco (27 en 13 parroquias), Manzaneda (32 en 10 parroquias), Pobra de Trives (49 en 19 parroquias), Chandrexa de Queixa (35 en 18 parroquias) e San Xoán do Río (58 asentamentos en 9 parroquias).

Esto motiva que os asentamentos de toda esta zona se atopen moi distantes constituíndo un típico poboamento de hábitat disperso.

II.2.1. A comarca de Valdeorras

A poboación nesta zona acadou o seu máximo histórico en 1960, con 29.858 habitantes, cifra que recolle un crecemento dende 1900 do 22,6%. A causa desta medra é que a comarca viu-se favorecida pola existencia de tres núcleos importantes: A Rúa, O Barco e Petín, e por un clima benigno e un bo solo que propiciou unha agricultura intensiva. Tamén contribuíu a súa saída natural cara a meseta, tanto por estrada coma por ferrocarril, as explotacións mineiras e a construción dos numerosos encoros a mediados da década dos cincuenta no século pasado.

A partires da década dos sesenta, comenza un descenso progresivo e continuado da poboación, sendo a década dos oitenta a que máis poboación perde (7,5%). Dende 1998 rexístrase un pequeno aumento ata alcanzar en 2004 os 29.126 habitantes.

Valdeorras é das tres comarcas obxecto de estudio a que máis dinamismo posúe, debido a actividade industrial e ó cultivo de produtos rendibles como a vide. No obstante, isto non abonda para reter unha poboación que non atopa os recursos precisos para acadar unha boa calidade de vida e que tivo na emigración unha saída. Este movemento demográfico provocou un envellecemento da poboación e a unha forte caída do crecemento vexetativo.

O concello máis dinámico da comarca e o do Barco de Valdeorras, un dos poucos que superan os 10.000 habitantes, que actúa como núcleo principal da parte oriental da provincia. A súa poboación foi medrando ó longo do século XX, excepto polas perdas de habitantes nos anos 20 (pola emigración a América) e nos 50 (pola emigracións outras rexións españolas e a Europa).

A cabeceira do concello segue a ter un crecemento importante xa que é unha vila receptora de emigrantes retornados e do rural atraídos pola significativa medra das actividades industriais e agrícolas (cooperativas de castañas, frores, viños con denominación de orixe, etc.).

O resto dos concellos presentan unhas características semellantes: un crecemento moderado na primeira metade do século, pero sen superar en ningún caso os incrementos de principios de século. A partires desta data é cando a poboación dos concellos inicia unha caída vertixinosa, que os leva a ter en 2004 só un 50% da poboación de 1900.

A densidade poboacional é irregular xa que fronte a áreas densamente poboadas existen outras practicamente baleiras. A súa evolución ó longo do século XX amosa unha serie de contrastes que se acentuaron a partires de 1950. En 1900 o conxunto comarcal presenta unha densidade relativamente baixa (39,9 hab./qm²) moi lonxe da media provincial (55,5 hab./qm²), cifra que aumenta lixeiramente a mediados de século (43,7 hab./qm²).

Na actualidade, as zonas máis poboadas localízanse por baixo dos 800 metros (un 52% dos núcleos de poboación), aínda que por baixo dos 600 metros atopamos un 30% dos asentamentos. A depresión do Sil e a do Bibei, preto da confluencia co Xares (no concello do Bolo) son as zonas, debido as posibilidades de explotación da terra, con máis núcleos de poboación.

A natalidade presenta as mesmas características cá evolución da poboación. Constatase un descenso progresivo no número de nacementos a medida que nos achegamos a finais do século XX. Así, a principios de século a taxa bruta de natalidade era do 30 por 1.000, redúcese a un 20 por 1.000 entre 1940 e 1960, chegando a alcanzar

o 10 por 1.000 na actualidade. Aínda con todo, este descenso foi moito menor que nas comarcas limítrofes, xa que a emigración a Europa foi máis reducida, debido a creación de postos de traballo polas canteiras, especialmente para a xente nova, o que mitigou considerablemente o descenso na taxa de natalidade.

Por concellos, destaca o Barco (18 por 1.000), Carballeda (14 por 1.000) e A Rúa (12 por 1.000), todos eles por riba da media da comarca (10 por 1.000). Por baixo están os concellos de O Bolo cun 6,7 por 1.000 e A Veiga cun 7,1 por 1.000. Esta heteroxeneidade nas taxas de natalidade pode explicarse a partires da importante entidade que é o núcleo urbano do Barco, que conta cunha poboación máis nova que outros concellos e, por dispor dun importante complexo hospitalario, que atende a moitas mulleres embarazadas, que posteriormente inscriben os seus fillos no Rexistro Civil do municipio.

II.2.2. A comarca de Terra de Trives

A principal característica de esta comarca é que presenta un continuo despoboamento, o que provocou que dende 1970 perdera mais dun 50% da poboación ata alcanzar no 2004 os 5.657 habitantes. Esta importante diminución foi debido as pouco favorables condicións do medio físico, a emigración e ó estancamento da economía agraria.

A meirande parte da poboación concéntrase no concello de Pobra de Trives (41,8%), o que está a xerar una importante redución da densidade de poboación na comarca, que si ben en 1996 foi de 15,2 hab./qm², e 2004 redúcese ata 13,8 hab./qm², unha cifra moi lonxana da media provincial (47,7 hab./qm²) e rexional (91 hab./qm²). Por concellos, A Pobra de Trives e San Xoán de Río son as poboacións que tiñan en 1996 a densidade de poboación mais elevada (36,2 hab./qm² e 18,6 hab./qm² respectivamente).

O número de nacementos descendeu nos últimos anos de xeito considerable (75 nacementos en 1983 fronte a 32 en 1993). A taxa de natalidade comarcal se situaba en 1993 nun 4,5 por 1.000, e a de mortalidade nun 13 por 1.000. A estrutura da poboación por idades reflexa un alto envellecemento da poboación, o que dificulta notablemente o relevo xeneracional. Tanto é así, que a xente nova representan tan só o 10,5% da poboación, fronte o 55,7% dos adultos e o 33,8% dos maiores. Por concellos, San Xoán de Río é o que ten a poboación mais envellecida de toda a comarca, xa que o 45% ten 65 ou mais anos.

De manterse esta situación, o máis normal é que a comarca siga rexistrando unha forte caída demográfico que afectará a tódolos concellos, acentuando a actual perda de poboación.

II.2.3. A comarca de Viana

En 1900 a poboación dos catro concellos desta comarca era de 22.453 habitantes, pero na actualidade unicamente acadase os 8.005, obtendo o máximo histórico en 1920 con 22.840 habitantes. A partires de 1950 o descenso é a nota dominante, aínda que durante os anos 60 mitigase este proceso, polas construcións hidroeléctricas da zona, aínda que esto non abondou para frear a enorme corrente migratoria cara a Europa.

Dende 1975 acrecentase a perda de poboación. Esta diminución non se xustifica unicamente coa emigración senón tamén cun crecemento vexetativo negativo e un envellecemento progresivo, o que complica o necesario recambio xeneracional.

A densidade de poboación é moi baixa en toda a comarca (10,4 hab./qm²), especialmente, no concellos de Viana, debido a súa gran extensión municipal, a elevada altitude media e, ata fai ben pouco, a dificultade de comunicacións. En relación as cifras de natalidade e mortalidade, sinalar que semellan as características das outras dúas comarcas analizadas. A **taboa 2** resume os rasgos demográficos.

	Superf. (en qm²)	Núm. Parróquias	Núm. entidades	Poboación
<i>Comarca de Valdeorras</i>				
- A Rua	36	3	4	5.056
- A Veiga	291	29	29	1.408
- Larouco	23	4	5	610
- O Barco	86,1	13	27	13.094
- O Bolo	91,5	18	38	1.374
- Petín	30,5	6	3	1.134
- Rubiá	101	10	17	1.796
- Villamartín de Valdeorras	88,3	11	14	2.489
- Carballeda	224,3	17	21	2.257
<i>Comarca de Terra de Trives</i>				
- Manzaneda	114,5	10	32	1.142
- Pobra de Trives	83,5	19	49	2.731
- Chandrexa de Queixa	172,7	18	35	884
- San Xoán do Río	62,7	9	58	900
<i>Comarca de Viana</i>				
- A Mezquita	103	9	10	1.421
- A Gudiña	170,6	8	15	1.618
- Vilariño de Conso	200	10	16	775
- Viana do Bolo	271	35	52	3.819

Taboa 2: Síntese dos rasgos básicos da poboación por concellos (2001)

Fonte: Elaboración propia a partir de PRECEDO(1998) e ARIAS (1998)

III. A XEOGRAFÍA ECONÓMICA

O obxectivo deste epígrafe é coñecer a situación económica da comarcas. En primeiro lugar, abordárase unha análise dos indicadores xerais da actual xeografía económica e, posteriormente, realizarase un estudio sectorial da situación das tres comarcas.

III.1 Indicadores xerais

O **taboa 3** recolle as taxas de actividade e ocupación por xénero. Comezando a análise coa comarca de Valdeorras, compróbase a existencia dunha forte heteroxeneidade entre concellos, especialmente no colectivo feminino. O Bolo (27,4%), A Veiga (33,4%) e

	Tasa de actividade			Tasa de ocupación		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Comarca de Valdeorras	45,9	59,4	32,8	41,0	54,7	27,8
- A Rua	47,3	60,3	34,7	41,9	55,4	28,8
- A Veiga	33,4	47,4	20,0	28,6	40,5	17,1
- Carballeda	43,1	57,5	28,8	38,8	53,6	24,2
- Larouco	35,8	49,4	23,9	30,6	43,0	19,6
- O Barco	52,8	66,3	39,7	48,2	62,8	34,0
- O Bolo	27,4	38,3	16,7	22,7	31,3	14,3
- Petín	39,0	55,7	23,6	32,1	46,1	19,1
- Rubiá	36,3	49,4	23,4	31,4	42,9	20,2
	38,6	49,7	37,3	33,8	43,2	24,1
Comarca de Terra de Trives						
- A Pobra de Trives	40,1	52,6	28,0	35,5	47,3	24,0
- Chandrexa de Queixa	41,3	48,8	32,2	36,9	42,6	29,9
- Manzaneda	36,6	48,6	23,9	30,1	38,3	21,4
- San Xoán de Río	34,3	43,9	25,5	30,7	39,0	23,1
Comarca de O Bolo						
- A Gudiña	45,7	57,2	39,1	-	-	-
- A Mezquita	42,8	56,1	29,1	-	-	-
- Viana do Bolo	42,4	53,2	31,3	-	-	-
- Vilaríño do Conso	53,0	64,7	38,5			
Media en Galicia	49,7	61,3	39,1	43,4	55,2	32,7

Taboa 3: Tasa de actividade e ocupación en vivendas familiares de 16 o máis anos por concellos (2001)

Nota: (-) Información non dispoñible - Fonte: Anuario Económico da Caixa (2003)

Larouco (35,8%) son os concellos que presentan as menores taxas de actividade xeral, todos eles moi por debaixo da media galega (39,1%). O único municipio que ten unha taxa superior a media en Galicia é O Barco de Valdeorras (52,8%).

En termos da taxa de ocupación, esta comarca volve a manifestar a súa mala situación respecto a media galega (43,4%), en especial nos concello de O Bolo (22,7%), Larouco (30,6%) e A Veiga (28,6%).

Para a comarca de Terra de Trives a nota mais sobresaínte é os discretos resultados en ambos indicadores, tanto no total coma en función do desglose por xenero. Tomando como punto de partida as taxas de actividade total, estas diferencias son sobre todo importantes nos concellos de San Xoán de Río (34,3%) e Manzaneda (36,6%). En relación a taxa de ocupación suliñar que é moi baixa, especialmente para as mulleres. En liñas xerais, ambos os dous indicadores son fiel reflexo dun conxunto de condicionantes que limita o desenvolvemento económico de toda a comarca.

Na comarca do O Bolo atopamos máis do mesmo. Salvo no caso do concello de Vilaríño de Conso, a taxa de actividade e sempre menor a media galega. Ó igual que sucedía co resto dos concellos, manifíestase un forte diferencial en contra das mulleres en termos de taxa de actividade. Non podemos dicir nada en relación a taxa de ocupación, xa que para esta última comarca non dispomos de información homoxénea para comparar.

A **taboa 4** resume a situación das tres comarcas en relación a taxa de desemprego. Como dato curioso comprobábase como nalguns concellos, a taxa de paro é inferior a media galega. Nembargantes, o verdadeiro problema, e a cuestión sobre a que debería de incidirse son as baixas taxas de actividade e de ocupación, que mostran un importante potencial de poboación que non ten acceso ó mercado de traballo.

Comenzando coa comarca de Valdeorras os concellos de O Bolo (17,1%) e A Rua (17,8%) son os que rexistran un peor resultado fronte ó 10,6% de media da comarca. Novamente, son as mulleres as que teñen uns peores resultados, especialmente en Larouco (17,6%) e Petín (19,0%), unha cifra claramente superior ó 15,2% da media comarcal.

A alta disparidade das taxas de desemprego é novamente a nota mais relevante na comarca de Viana do Bolo, especialmente no concello de A Mezquita (19,8%). Contrariamente o que cabría esperar os homes teñen una taxa de desemprego mais alta que as mulleres. Posiblemente este resultado explicase por que moitas mulleres, ante as malas expectativas de colocación, nin siquera forman parte da poboación activa e dicir, no teñen un traballo, nin o están buscando.

Na comarca de Terra de Trives, a taxa de paro volve a esconder o problema da escasa actividade económica e reducida taxa de ocupación. Ademais, e como ocurría con Viana do Bolo os homes teñen taxas mais altas de desemprego cas mulleres.

Taboa 4: Tasa de paro en vivendas familiares de 16 ou mais anos por concello (2001)

	Total	Homes	Mulleres
<i>Comarca de Valdeorras</i>	10,6	8,0	15,2
- A Rúa	11,4	8,1	17,1
- A Veiga	14,5	14,5	14,3
- Carballeda	9,9	6,8	16,0
- Larouco	14,6	12,9	17,6
- O Barco	8,7	5,3	14,3
- O Bolo	17,1	18,2	14,6
- Petín	17,8	17,2	19,0
- Rubiá	13,3	13,1	13,8
- Vilamartín	11,2	8,8	16,4
<i>Comarca de Viana do Bolo</i>	-	-	-
- A Gudiña	16	15,9	16,3
- A Mezquita	19,8	22,1	15,2
- Viana do Bolo	15,7	15,7	15,7
<i>Comarca de Terra de Trives</i>	12,6	13,1	11,6
- A Pobra de Trives	11,6	10,2	14,2
- Chandrexa de Queixa	10,8	12,9	7,0
- Manzaneda	17,9	21,3	10,5
- San Xoán de Río	10,6	11,4	9,4
Media en Galicia	12,6	9,9	16,4

Nota: (-) Dato non dispoñible - Fonte: Anuario Económico da Caixa (2003)

Mención especial merece a información recollida a partires da **taboa 5**, donde figuran unha serie de indicadores económicos² (cuota de mercado, índice industrial, comercial, turístico, actividade económica e nivel económico) por comarcas e concellos.

Comenzando coa cuota de mercado, se comproba como O Barco (33), e en menor medida, A Rúa (13) en Valdeorras, son os que teñen maior proxección económica das tres comarcas, posiblemente po-la súa maior capacidade de consumo, derivada do número de

² O anexo I recolle unha descrición máis exhaustiva sobre a construción desta batería de indicadores.

habitantes. O resto de concellos, salvo os casos de Viana do Bolo (10) e A Pobra de Trives (7) na comarca de Viana e en Trives, respectivamente, presenta indicadores moi reducidos.

As conclusións obtidas co índice industrial son moi similares. Este indicador, que mide a importancia da industria nunha zona, sinala a Rubiá (39), O Barco (35) e Carballeda (35) como os concellos con maior dinamismo na comarca de Valdeorras, a Viana do Bolo (23) en Viana e Manzaneda en Trives. Polo que respecta o primeiro grupo de concellos, sen dubida, a explotación da lousa e a industria complementaria xerada durante o proceso extractivo, xustifican este indicador. En Viana do Bolo existe una pequena industria e en Manzaneda atopase a única estación de deportes de neve da comunidade autónoma de Galicia. No resto de concellos, a presenza industrial é practicamente testemuñal.

O índice comercial, que mide a importancia do comercio polo xunto e polo miúdo mostra, de novo, como O Barco (33) é único concello que presenta certa relevancia. Sobresae novamente este concello (35) no índice de restauración e bares, o representar mais da metade do total da comarca. Este indicador, que mide a importancia das actividades de restauración e bares, ten en A Rua o segundo gran expoñente (10).

No que respecta o índice turístico pódese comprobar como a actual situación precisa una evidente mellora. Este indicador, construído a partires da oferta turística, amosa a escasa implantación desta actividade na zona. Como mostra tan só sinalar como O Barco (9) e Vilamartín (4), se reparten mais do 75% da actividade turística da comarca de Valdeorras

En canto ó índice de actividade económica ponse de manifesto que O Barco (29) e Rubia (13), na comarca de Valdeorras, volven a ser os concellos con maior relevancia económica. No resto das comarcas, so Viana do Bolo (10) e Manzaneda (23) presentan certo nivel de actividade.

Finalmente o indicador nivel económico sitúa a todos os concellos cun valor inferior a media nacional (6). Tan só O Barco (5) e Petín, A Rua Rubia, A Gudiña e Chandrexa de Queixa (todos con 4) teñen un valor próximo a media.

Resumindo os resultados obtidos, a comarca de Valdeorras presenta unha escasa cuota de mercado, un reducido índice industrial e comercial, unha reducida presenza turística e un nivel económico baixo. Tanto é asi que soamente os concellos do Barco e A Rua presentan certo desenvolvemento económico.

Na comarca do Bolo sobresaen dous concellos en tódolos indicadores: Viana do Bolo e, en menor medida, A Gudiña. Certo compoñente industrial é o responsable de este resultado en Viana do Bolo. Na Gudiña esto pode explicarse por ser a porta de acceso dende a meseta a Galicia. No obstante, é evidente a deficiente situación da zona, especialmente nos indicadores turístico e nivel económico.

Os baixos índices amosados en toda a comarca de Terra de Trives condicionan notablemente o seu desenrolo económico, especialmente en Chandrexa de Queixa³. Tan só A Pobra de Trives e Manzaneda presentan unha mellor situación; no primeiro caso pola presenza dunha pequena industria e no segundo, polas actividades vinculadas directa o indirectamente coa neve e deportes de montaña.

³ En San Xoán do Río non se dispón de datos homoxéneos, pero a tenor doutros indicadores, a situación sería moi similar.

Taboa 5: Indicadores económicos por concellos (2001)

	C. de Merc.	Ind. Ind.	Ind. Com.	Ind. Rest.	Ind. Tur.	Ind. Act. Eco.	Nivel Eco.
Comarca de Valdeorras	73	145	53	58	18	75	-
- A Rua	13	6	-	10	2	7	4
- A Veiga	4	18	1	2	3	6	3
- Vilamartín	6	22	2	3	4	9	3
- Carballeda	7	23	4	4	-	9	5
- Larouco	-	-	-	-	-	-	-
- O Barco	33	35	33	35	9	29	5
- O Bolo	4	1	1	1	-	1	3
- Petín	2	1	-	1	-	1	4
- Rubiá	4	39	2	2	-	13	4
Comarca de Viana do Bolo	14	25	8	14	6	13	-
- A Gudiña	5	1	2	4	1	2	4
- A Mezquita	4	1	1	3	3	1	3
- Viana do Bolo	10	23	5	7	2	10	3
- Vilarinho de Conso	-	-	-	-	-	-	-
Comarca de Terra de Trives	10	85	5	7	8	29	-
- A Pobra de Trives	7	12	4	6	8	6	4
- Chandrexa de Queixa	0	0	0	-	-	-	-
- Manzaneda	3	73	1	1	-	23	4
- San Xoan do Rio	-	-	-	0	-	-	-

Notas: **C. de Mercado:** Cuota de Mercado; **Ind. Ind.:** Índice Industrial; **Ind. Com.:** Índice Comercial; **Ind. Rest.:** Índice de restauración e bares; **Ind. Act. Eco.:** Índice actividade económica; **Nivel Eco:** Nivel Económico.

Fonte: Anuario Económico da Caixa (2003).

A **taboa 6** complementa os resultados anteriores a partires doutra batería de variables que poden medir o grado de desenvolvemento das comarcas analizadas (liñas de teléfono, vehículos a motor, oficinas bancarias, actividades industriais, comercio polo xunto e polo miúdo e actividades de restauración e bares). Aínda cos resultados seguen sendo practicamente os mesmos que a partires da taboa anterior, conven suliñar os seguintes elementos para cada comarca:

En Valdeorras destaca: (i) a escasa presenza de liñas de teléfono (37,7 por 1.000 hab.); (ii) o reducido ratio de vehículos a motor (45,5 por 1.000 hab.), tan só destacable para o caso de Carballeda (77,8) e A Rua (64,6), debido a maquinaria agrícola; (iii) o reducido número de oficinas bancarias, fiel reflexo do índice de capacidade económica da

zona e (iv) a escasa presenza de actividades comerciais polo xusto, mostra as dificultades económicas e o retraso da zona.

En Viana do Bolo vólvense a manifestar os resultados xa comentados para a comarca de Valdeorras: (i) escaso número de liñas telefónicas (35,1 por 1.000 hab.); (ii) reducido volume de vehículos a motor (53,1 por 1.000) -salvo para A Gudiña, debido ó peso do sector agrícola-; (iii) unha escasa presenza de oficinas bancarias (1,6 por 1.000 hab.) e unha tímida actividade comercial (15,7), coa única salvedade do comercio polo miúdo (24,7).

Os resultados para Terra de Trives volven por de manifesto a mala situación da comarca, especialmente na dotación de infraestruturas e medios de locomoción. O ratio de oficinas bancarias é moi pequeno (5 por 1000 hab.), o igual que o de actividades comerciais polo xunto (8 por 1.000 hab.) e polo miúdo (29 por 1.000 hab). Os concellos mellor situados volven a ser Manzaneda e A Pobra de Trives, especialmente no indicador de comercio ó miúdo.

Taboa 6: Principais variables con incidencia económica por concellos (2001)

	Telef.	Veh. a motor	Of. bancarias	Act. Ind.	Act. comer. polo xunto	Activ. comer. polo miúdo	Activ. rest e bares
Comarca de Valdeorras	37,66	54,50	1,16	26,75	4,34	21,83	8,93
- A Rua	38,68	64,57	0,97	26,08	5,06	28,41	9,92
- A Veiga	53,21	43,91	2,16	23,79	2,88	13,70	8,65
- Carballeda	37,03	77,71	2,71	50,63	4,97	15,37	12,21
- Larouco	-	-	-	-	-	-	-
- O Barco	36,93	53,52	0,98	25,05	4,96	27,30	9,78
- O Bolo	49,89	46,39	2,23	17,84	2,23	11,15	5,95
- Petín	32,09	58,67	0,00	19,56	0,89	11,56	6,22
- Rubiá	39,56	47,76	1,13	27,16	5,66	10,19	4,53
Viana do Bolo	35,1	53,1	1,6	15,7	1,9	24,7	35,1
- A Gudiña	32,3	67,0	2,4	13,9	3,0	26,0	32,3
- A Mezquita	28,7	43,6	1,3	13,9	0,7	25,2	28,7
- Viana do Bolo	38,9	50,8	1,3	17,3	1,8	24,0	38,9
- Vilariño do Conso	-	-	-	-	-	-	-
Terra de trives	10	85	5	7	8	29	-
- A Pobra de Trives	7	12	4	6	8	6	4
- Chandrexa de Queixa	0	0	0	-	-	-	-
- Manzaneda	3	73	1	1	-	23	4
- San Xoán do Río	-	-	-	0	-	-	-


Notas: **Telef:** Número de teléfonos por 1.000 habitantes; **Veh. a Motor:** Vehículos a Motor; **Of. Banc:** Oficinas bancarias por 1.000 habitantes; **Act. Ind.** Actividades Industriais por 1.000 habitantes; **Act. Comerc. polo xunto:** Actividades comerciais polo xunto por 1.000 habitantes; **Activ. Comer. polo miúdo:** Actividades comerciais polo múdo por 1.000 habitantes; **Act. Rest e bares:** Actividades restauración e bares por 1.000 habitantes.

Fuente: Anuario Económico da Caixa (2003).


Como aproximación directa a capacidade económica das comarcas obxecto de estudio, os **gráficos 1 e 2** permiten suñir o escaso nivel de rendimento medio declarado no Imposto da Renda das Personas Físicas. A información estadística dispoñible so contempla as comarcas de Valdeorras e Terra de Trives.

El Valdeorras obténse como O Barco (12.000 €), Carballeda (11.500 €) e A Rua e Petín con 11.000 € son os concellos que declaran unha maior renda suxeita ó imposto. Merece atención a reducida renda declarada de O Bolo e A Veiga que non supera os 7.800 € de media. Na comarca de Terra de Trives observáse que A Pobra de Trives é o concello que mais renda fiscal media declara (o redor de 10.000 €), contrapoiñéndose este dato cos 8.000 € de San Xoán de Río ou os 5.200 € de Chandrexa de Queixa.

Gráfico 1: Rendimento medio declarado no IRPF na comarca de Valdeorras (1998)



Fonte: IGE (2003)

Gráfico 2: Rendemento medio declarado no IRPF na comarca de Viana do Bolo (1998)

Fonte: IGE (2003)

III.2. Análise sectorial

Unha vez establecidos os indicadores básicos é o momento de abordar a segunda gran parte da análise dende a xeografía económica: a estrutura sectorial.

III.2.1. O sector primario

a) O subsector agrícola e forestal

Un dos feitos diferenciais das explotacións agrarias da zona é a súa reducida superficie en relación ó conxunto de Galicia. Este minifundismo, que supón un alto grado de disgregación das terras, é posiblemente a principal limitación que dificulta unha utilización eficiente dos medios de produción.

As terras de labradío están moi fragmentadas: o minifundio é o denominador común da zona. O número de explotacións nas comarcas durante 1962-1972 redúcese coincidindo coa emigración, ó abandoar os emigrantes as explotacións con menor rendabilidade. Por concellos o que mais explotacións perde é O Barco (57,9%).

Entre 1972 e 1982 freáse algo este descenso xa que algúns concellos aumentan o número de explotacións (Vilamartín de Valdeorras cun 20,8%), pero outros experimentan unha forte perda (Carballada de Valdeorras diminúe nun 18,1%). Dende 1982 apréciase un lixeiro incremento do número de explotacións, sobre todo polo retorno dos emigrantes e pola nova organización do agro por parte da Administración.

O 70,1% de todas as explotacións con terras e o 80,5% das explotacións por superficie agrícola utilizada teñen menos de 5 hectáreas. As explotacións son de tipo familiar, estando compostas polas posesións de varios propietarios da familia. Constátanse diferencias por zonas. Así, no val do Sil ó 90,5% das explotacións teñen menos de 4 hectáreas, pero nas zonas máis accidentadas só é do 45%.

As explotacións están formadas por moitas parcelas, espalladas polas herdanzas sucesivas, e adicadas a aproveitamentos distintos en función da calidade do solo e da proximidade do núcleo de poboación o que condiciona as técnicas de cultivo e o destino da produción que é na súa maior parte de subsistencia.

En relación o réxime de propiedade, comprobábase como a titularidade directa é a predominante nestas comarcas (o 95% da superficie agrícola utilizadas). O réximen de arrendamento está en clara decadencia (2,6%) o mesmo que ó contrato de parcería (0,9%). O resto dos reximenes (terras comunais, terras de sociedades, terras cedidas por contrato oral) tamén están en decadencia.

Apenas existe mecanización no campo e a maior parte dos que traballan no rural teñen unha idade avanzada, e incluso fano tra-la xubilación. Ambas cuestións se traducen nunha reducida produtividade do campo, ademais a zona presenta un dos índices mais baixos de mecanización agraria, xa que por termo medio existe 1 tractor por cada 10 explotacións (a metade que en Galicia).

Comprobábase a ausencia dun empresariado agrario, a falta dun adecuado tecido industrial agroalimentario e, especialmente, grandes dificultades de relevo xeneracional.

O descenso das taxas de actividade e ocupación no sector agrícola é unha constante dende a década dos 60. As causas deste comportamento hai que atopa-las no auxe da emigración, o abandono das explotacións menos rentables e a súa reducida dimensión agrícola.

Os principais cultivos de horta son repolos, pementos, tomates, cebolas, zanahorias, coles, fabas e guisantes. Neste intre xa se están a cultivar especies novas coma coliflor, brecoli, pepinos, berenxenas, calabacín, melón, sandía e fresóns, de momento para o consumo doméstico, pero debido a crecente demanda, é de esperar a súa pronta comercialización.

O principal recurso do subsector forestal é a explotación da madeira (o redor do 72% da superficie se destina a esta actividade) especialmente nos concellos de Carballeda, Rubiá, Vilamartín e O Barco. Neste subsector predominan empresas de pequeno tamaño, adicadas a explotación dos recursos forestais. O mesmo que ocorre có subsector agrícola, o forestal require unha reestructuración inmediata.

b) O subsector vitivinícola

Aínda que a produción de viño ten certa importancia, a escasa infraestrutura, o seu carácter montañoso, o excesivo minifundismo e a necesidade dunha loita continuada contra as pragas, dificulta obter unha produción competitiva a baixo custe. A maior parte da produción se concentra en Rubiá, Larouco e A Rua.

Este sector experimentou un forte proceso de reconversión nos últimos quince anos, o que posibilitou a elaboración de viños de calidade con variedades autóctonas, especialmente Godello e Mencía. Dende 1975 aplicase o programa REVIVAL (Restauración de viñedos de Valdeorras), buscando atopar un novo produto de mellor calidade, recuperando variedades autóctonas.

En 1977 creouse a Denominación de Orixe Valdeorras e un Consello Regulador para velar pola súa calidade. A zona de produción desta Denominación ocupa gran parte das ribeiras dos ríos Sil, Bibei e Xares nos concellos de O Barco, A Rúa, Vilamartín, O Bolo,

Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín e Rubiá. As variedades autorizadas son: brancas (Godello, Dona Branca e Palomino) e tintas (Mencía, Merenzao, Alacante e Grao Negro).

A superficie de cultivo é de 1.500 héctareas (ha.), con 2.000 viticultores, 30 bodegas e unha produción de 8,1 millóns de quilos. As vides, son de pequenas dimensións, atopándose a mais grandes no concello de Larouco (0,13 ha.) e no do Barco (0,12 ha.) e as mais pequenas en Carballeda de Valdeorras (0,08 ha.) e en Petín (0,07 ha.).

Unicamente atopanse nove parcelas cunha superficie superior ás 2 ha. na Rúa, o Barco, Vilamartín de Valdeorras e Larouco. As cepas dominantes son as de pé baixo (98,4%); delas máis do 60% están en en liña (Larouco, Petín, A Rúa e Vilamartín de Valdeorras).

O vide está bastante envellecida. O 91% das vides teñen máis de 30 anos, e máis do 60% son anteriores a 1940. O concello de A Veiga posúe as viñas máis envellecidas do conxunto comarcal (o 100% da superficie é anterior a 1960 e o 98,8% anterior a 1940). Pola contra os concellos onde se rexistra maior porcentaxe de plantacións máis recentes son Vilamartín de Valdeorras, O Barco e Rubiá, nos que as vides posteriores a 1960 representan o 11%.

C) O subsector gandeiro

Neste subsector a produción oriéntase cara o gando ovino e caprino, mentres que o porcino está adicado ó autoconsumo. En liñas xerais a actual situación recomenda unha reestructuración do sector, co fin de consolidar e ampliar o extracto de explotacións viables para adaptarse ó novo mercado e potenciar os produtos de calidade e máis elaborados.

- Gandeiría bovina: Unha gran parte do espazo agrícola destínase a pastos para este gando, especialmente nas praderías e no monte baixo. Nestas zonas, o gando adoita pacer vixiado, aínda que no concello de A Veiga anda libremente nos pastos de altura durante os meses de verán.

A explotación predominante é a familiar de tipo tradicional e de reducida dimensión, relacionada estreitamente coa agricultura. O 90% das explotacións teñen menos de 20 cabezas e o 25% posúen entre un e dous animais. Pola contra nos concellos montañosos, como A Veiga, as explotacións teñen máis de 20 cabezas e abonda a explotación en granxas con métodos modernos e orientadas a produción de carne, debido as deficientes vías de comunicación que non recomiendan a produción de leite.

A raza autóctona é a rubia galega pero está pouco representada, predominando outras variedades coma a frisona ou a parda alpina, po-la sua mellor adaptación as condicións naturais desta comarca.

- Gandeiría porcina: Predominan as explotacións familiares en réxime de autoconsumo con dúas ou tres cabezas, pero existen explotacións modernas de réxime intensivo e con carácter industrial que se localizan sobre todo nos concellos de Larouco, Petín, Vilamartín de Valdeorras e O Barco de Valdeorras.

O porcino autóctono supón un 40% do total (raza celta), que predomina nas zonas máis montañosas e máis illadas, pero a comezos de 1970 vaise substituíndo por razas cruzadas.

- A gandeiría ovina: O número de cabezas deste gando rexístrase nos concellos de máis altitude nos que os pastos vanse aproveitando cada vez máis para grandes rabaños de ovellas. A cota láctea, as dificultades de comunicación, ademais do descenso da

poboación, provocou unha substitución de gando vacún polo ovino, plantexamento ademais incentivado polas axudas da Xunta de Galicia.

Estes rabaños explótanse en réxime extensivo, pero non abundan infraestruturas para a súa explotación industrial. As explotacións son de tipo familiar, que venden oa animais periodicamente a empresas tanto de Galicia coma do resto de España.

- Gandeiría avícola: As galiñas e os polos son explotados en granxas pola empresa COREN, o que provocou no anos 70 certo pulo económico da comarca, si ben na data actual están en decadencia polo problema do descenso poboacional e pola introducción de granxas de coellos, con mais demanda na actualidade. As granxas destinadas a ovos sitúanse sobre todo nas zonas de mais fácil acceso, e as de polos están espalladas por toda a comarca.

- As colmeas de abellas atópanse nas ladeiras ben orientadas o sol. A produción concéntrase nos concellos do Barco, Carballeda de Valdeorras e A Veiga, que producen unha mel de boa calidade e coa denominación específica de «mel de Galicia».

III.2.2. O sector industrial

Constátase unha débil presenza do sector industrial. O excesivo peso dun sector agrícola sobredimensionado, que ocupa a unha poboación excesiva, e a dependencia da economía da actividade agrícola, provocou un menor desenvolvemento do sector industrial.

Si ben é certo que existe algún tecido industrial, trátase de industrias de escasa relevancia e de primeira transformación. O tamaño empresarial é moi reducido, especialmente orientado ó autoemprego ou ó emprego familiar.

A industria agroalimentaria presenta unha importancia escasa e se atopa centralizada en forma de pequenas empresas, sobre todo cooperativas vitivinícolas. A produción está cooperativizada e posúe unha importante comercialización, gozando dunha fama merecida. A mesma situación se reproduce a menor escala, para a produción da castaña.

Constátase unha forte localización de empresas chacineiras, carniceiras e de explotación de madeira, especialmente en A Pobra de Trives, que engloba ó 79% do emprego industrial da comarca de Trives e o 60% das empresas.

O subsector da lousa é a industria por excelencia da comarca de Valdeorras, o ser a primeira potencia mundial en exportación deste produto, orientado nun 90% ó estranxeiro. Este sector configúrase como un dos mais importantes de Galicia, tanto en facturación como no nivel de emprego.

Os concellos de Carballeda e Vilamartín concentran a mais grande parte das canteiras. A importancia económica do sector propiciou a creación do Centro Tecnolóxico da Lousa para a investigación e a formación de profesionais cualificados, e a Asociación de pizarristas de Galicia.

Dentro do sector secundario hai que incluír un conxunto de empresas adicadas á construción e as relacionadas con ela, como as que producen materiais que despois utilízanse nesta actividade.

En relación a produción de enerxía sinalar que o 50% das centrais hidroeléctricas galegas atópanse nos ríos Sil, Bibei e Navea e nos seus afluentes durante o percorrido polas tres comarcas. O alto número de encoros existentes explícase polas boas condicións para o represamento, debido o forte encaixamento dos ríos e por unha climatoloxía propicia as precipitacións. A capacidade de represamento é pequena en xeral. O 80% dos encoros

non superan os 15 hectómetros cúbicos (hm^3), si ben o de Vao no Bibeí ten 238 hm^3 o de Prada no Xares 122 hm^3 . A produción de electricidade está xestionada por tres empresas: Endesa, Unión Fenosa e sobre todo Iberduero. Na súa maior parte expórtase fora de comarca debido á débil industrialización da zona.

Tamén existe una pequena industria metalúrxica que abrangue a fabricación de produtos metálicos de forxa, aluminio, estruturas e equipos metálicos. As industrias mais representativas localízanse no Barco e na Rúa.

III.2.3. O sector servicios

As actividades terciarias dan traballo ó 31% da poboación, especialmente na comarca de Terra de Trives onde a oferta se asenta sobre o turismo de natureza: esquí, excursións, montañismo, caza e pesca. Como complemento a esta oferta surxiron outros establecementos, onde se pode realizar, entre outras actividades, rutas a cabalo, senderismo ou cicloturismo.

En 1994 creouse a Fundación para o Desenvolvemento da Comarca de Trives, de natureza autonómica, que persigue o desenvolvemento integrado e sostido da comarca. Ademais, toda a comarca pertence a Asociación para o Desenvolvemento do País do Bibeí-Ribeira Sacra. Outras asociacións relevantes son a Asociación Centro de Iniciativas Turísticas Serra do Burgo-Chandrexá de Queixa e a Asociación Comarcal de Trives.

Na comarca de Valdeorras o sector servicios ocupa un 42% da poboación, fronte o 27% das tres comarcas. A actividade comercial pode dividirse en comercio polo miúdo, que é o de maior presenza en todos os pobos –ben en asentamentos comerciais, ben en venda ambulante- e comercio polo xunto.

O comercio polo miúdo mais importante é nas ramas de alimentación, téxtil e do calzado, produtos químicos, construción, maquinaria e material de transporte.

A oferta de establecementos de turismo rural é ampla, pero a baixa ratio de prazas por aloxamento (a maior parte son de menos de cinco prazas) pon de manifesto a secundariedade desta actividade, que actúa como unha mera fonte complementaria de rendas, demostrando unha escasa especialización turística.

IV. AS OPORTUNIDADES DE MELLORA

A partires do exposto, conven suliñar cáles poden ser as oportunidades de mellora nas tres comarcas estudias. Para levar a cabo esta análise optamos, de novo, por unha perspectiva sectorial:

IV. 1. O sector primario

a) A actividade agrícola-gandeira

As tres comarcas presentan importantes recursos naturais. As súas condicións climáticas e o seu entorno ambiental garanten un potencial para a xeración de materias primas de calidade.

Co obxectivo de mellorar a rendabilidade das explotacións agrarias da zona precisase dunha empresarialización do campo e a paulatina introdución de modelos de xestión das explotacións, que permitan obter rendabilidade as labores agrícolas. Así, deberíase paliar o problema do minifundio, por exemplo, a través da creación de cooperativas.

Debe traballarse na millora das saídas comerciais dos produtos. O volume normalmente reducido da maior parte dos produtos agrícolas precisa dunha aposta pola calidade e diferenciación como factores clave da súa competitividade.

Debe apostarse pola busqueda de novos produtos. É certo que estas comarcas teñen no viño e na castaña os produtos máis importantes, pero é necesario o desenvolvemento doutros alternativos, por exemplo, fror, mel, cogumelos, etc.

Finalmente, débese tratar de mellorar a formación dos agricultores e gandeiros, para que incorporen no proceso de produción as mellores técnicas e sexan rendibles o seu esforzo.

b) O espacio forestal

Constitúe unha riqueza potencial importante na economía das comarcas. Para a súa rendabilización é necesario apostar por unha xestión integrada do espacio forestal.

Esta xestión integral supón abordar, de xeito decidido, actuacións como a concentración, a harmonización dos espazos forestais, o aproveitamento dos montes para actividades alternativas (caza, recolección de cogumelos, etc.).

A rendibilidade dos montes pasa necesariamente pola profesionalización tanto dos propietarios, como dos axentes produtores a traveso de sistemas eficaces de xestión empresarial dos montes.

Ademáis, é preciso mellorar a calidade da masa forestal, favorecendo a ordenación do espacio, o desenvolvemento das especies autóctonas de calidade e a creación axeitada de infraestruturas para incrementar o seu rendimento.

Unido ó anterior e necesario mellorar a cultura forestal, para acadar a conservación e recuperación do monte. Ó mesmo tempo é preciso un maior esforzo para o acondicionamento de zonas de ocio, sobre todo no relacionado có monte e as posibilidades de explotación turística.

Finalmente, e no campo da industria derivada dos recursos do monte, débese apostar por incrementar o número e a importancia de empresas de transformación da madeira.

IV.2. O sector secundario

A pesares da existencia dun número importante de polígonos industriais (Barco de Valdeorras, Vilamartín de Valdeorras, A Rua e Sobradelo), o sector industrial inda non ten o suficiente pulo nas comarcas.

Aínda que se trata de dun sector amplo e con perspectivas de futuro, resulta necesario plantexar algunhas recomendacións. En especial, é preciso superar a atomización das empresas, fomentando o asociacionismo e a cooperación empresarial; potencia-lo desenrolo de infraestruturas básicas para facilitar a distribución dos produtos e abaratar os costes de aprovisionamento da materia prima; incentiva- los cambios tecnolóxicos para aumenta-la competitividade e progresar o campo da comercialización.

IV. 3. O sector terciario

Para potencia-lo sector terciario é preciso mellorar as comunicacións da zona, máxime por tratarse dun área afastada dos núcleos mais dinámicos de Galicia.

A rede de estradas non é de boa calidade. Soamente a nacional 120 que enlaza as comarcas con Ourense e a nacional VI, que as conecta con Ponferrada, son practicamente as únicas aceptables. No obstante, e debido a trasiego de camions das zonas extractivas

de lousa e que hai poucos tramos con triple vía, o resultado e que a meirande parte das veces o tráfico é moi lento. En relación o transporte por ferrocarril, sulñar que o actual sistema é obsoleto e, posiblemente por iso, pouco aproveitado.

A promoción do turismo como estratexia do desenrolo rural sostible amosa un particular interese nestas zonas. É certo que as tres comarcas teñen grandes limitacións nas comunicacións, pero o mesmo tempo, contan con valiosas paisaxes naturais e culturais, cada vez mais apreciados pola poboación urbana. Neste senso, a actividade turística pode converterse nun instrumento de revitalización económica e social.

V. CONCLUSIONS

Ó longo deste artigo puídemos comprobar como as tres comarcas que configuran o leste ourensán presentan, dende a perspectiva da xeografía humana e económica una realidade alonxada dos principais núcleos económicos da provincia. En liñas xerais, a partires do exposto, podemos obter os seguintes resultados:

- Dende a perspectiva humana, salvo excepcións, a meirande parte dos concellos, presentan un forte descenso demográfico, un envellecemento paulatino da poboación e un claro problema de relevo xeneracional.

- Os concellos analizados teñen todavía unha forte dependencia do campo, o que provoca unha emigración cara as cidades, especialmente da xente nova, o que fai que no rural só queden os maiores.

- Excepto no Barco, A Rua, Petín e Rubia (na comarca de Valdeorras) A Gudiña (en Viana do Bolo) e A Pobra de Trives e Manzaneda (en Trives), o resto dos concellos, a partires dos indicadores expostos presenta graves problemas no eido económico, en especial no que respecta ó aproveitamento do recursos do campo, no sector industrial e servicios.

- Sen dubida, e preciso, no curto prazo, apostar por una serie de medidas que traten de paliar a perda de capacidade económica da zona. Neste senso, e xa que é complicado competir con outros sectores, a posibilidade de ofrecer uns produtos distintos pode ser una vía para frear a perda continua de poboación. Neste senso, a especialización productiva, a aposta por transformar directamente os produtos fabricados e o desenvolvemento dunha actividade turística organizada e respetuosa co medio ambiente se configuran como alternativas para acadar este resultado.

Bibliografía

- ARIAS VEIRA, P., 1990: *Las 313 Galicias. Guía socioeconómica de los 313 municipios gallegos*.
- FARIÑA TOJO, J., 1975 «Los asentamientos rurales en Galicia», Instituto de estudios de la Administración Local.
- FIDALGO, X. A., LIMA, X., PATO, J. e VAQUERO, A., 2005: *Patrimonio etnográfico e desenvolvemento turístico no oriente ourensán*, Investigación financiada polo Vicerrectorado de Planificación e Desenrolo do Campus de Ourense, mimeo.
- IGE (Varios anos): *Instituto Galego de Estatística*, Santiago de Compostela.
- LA CAIXA (Varios anos): Anuario Económico, www.lacaixa.es
- PRECEDO LEDO, A., 1999: *Geografía Humana de Galicia*, Oikos-Tau, S.A. Barcelona

ANEXO

NOTAMETODOLOXICA

Os indicadores económicos utilizados foron obtidos a partires do Anuario Económico que a nivel municipal publica anualmente la Caixa. Aínda que na súa páxina web (www.lacaixa.es) figura un desglose máis exhaustivo do seu contido, as notas máis importantes son:

Cuota de mercado: Expressa a capacidade de consumo comparativa dos concellos, referida a 1 de xaneiro de 2002. Este indicador resulta de utilidade para a xestión e planificación comercial das empresas. A súa elaboración se basa nun promedio de números índices de seis variables: poboación, número de teléfonos, automóbiles, camións, oficinas bancarias e actividades comerciais polo miudo.

Índice industrial: Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) de cada municipio, referido a 2001. Se elabora en función do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente as actividades industriais. O valor do índice reflexa o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria dun municipio, provincia ou comunidade autónoma respecto o total de España.

Índice comercial: Índice comparativo da importancia do comercio (comercio polo xunto e miudo) de cada municipio, referido a 2001. Este indicador se elabora en función do IAE correspondente as actividades do comercio polo xunto e polo miudo. O valor do índice reflexa o peso relativo (en tanto por 100.000) da actividade comercial municipal respecto o total de España.

Índice de restauración e bares: Índice comparativo da importancia da restauración e bares de cada municipio, referido ao 2001. Se elabora en función del IAE correspondente as actividades de restauración e bares. Ó igual que no indicador anterior, este índice reflexa o peso relativo (en tanto por 100.000) da actividade de restauración e bares nun municipio respecto o total de España.

Índice turístico: Índice comparativo da importancia turística de cada municipio, referido a 2001. Obtense en función da cuota del IAE, constituíndo un indicador da oferta turística. O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio.

Índice de actividade económica: Índice comparativo da actividade económica municipal en 2001. Obtense en función do IAE correspondente o total de actividades económicas, empresariais e profesionais. O valor do índice expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) de cada municipio sobre el total nacional.

Nivel económico: Índice de la renda familiar dispoñible por habitante estimada para 2001. Defínense dez niveis, que se corresponden cos seguintes intervalos de renda: ata 6.400 €; de 6.400 a 7.300; de 7.300 a 8.225; de 8.225 a 8.800; de 8.800-9.700; de 9.700 a 10.650; de 10.650 a 11.500; de 11.500 a 12.500; de 12.500 a 13.500 e máis de 13.500. En 2001 o nivel medio en España era de 6.

Número de teléfonos: Liñas telefónicas fixas a 1 de xaneiro de 2002. A media en España era dun teléfono por fogar.

Número de vehículos de motor: Parque de vehículos matriculados a 1 de xaneiro de 2002.

Número de oficinas bancarias: Sucursais abertas ó público de bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito a 1 de xaneiro de 2002. En España a media era dunha sucursal financeira por cada 1.000 habitantes.

Número de actividades industriais: É o número de actividades industriais suxeitas o IAE o 1 de xaneiro de 2002. O número de actividades industriais equivale o número de establecementos industriais existentes en cada concello.

Número de actividades comerciais polo xunto: É o número de actividades del comercio polo xunto, a 1 de xaneiro de 2002, derivadas do IAE, que constitúe unha boa aproximación ó número de establecementos comerciais polo xunto existentes en cada concello.

Número de actividades comerciais polo miúdo: É o número de actividades o licencias del comercio polo miúdo suxeita o IAE. A esos efectos, a cifra de licencias comerciais pódese considerar unha aproximación ó de establecementos comerciais.

Número de actividades de restauración e bares: Comprende fundamentalmente as actividades de bares, cafeterías e restaurantes e acollidas o IAE el 1 de xaneiro de 2002.